

FEDERACIÓN GALEGA DE MICOLOXÍA

ESTATUTOS

CAPITULO I

DA FEDERACIÓN EN XERAL

ARTIGO 1.- Ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, e normas complementarias, procédese a adaptación dos estatutos da FEDERACIÓN GALEGA DE MICOLOXÍA, entidade con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carente de animo de lucro.

ARTIGO 2.- Esta Federación foi constituída por tempo indefinido, e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados/as expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

A Federación rexeráse segundo os principios democráticos contados no marco da Constitución e o resto do ordeamento xurídico.

ARTIGO 3.- A existencia desta Federación ten como fin o estudo e divulgación da Micoloxía en particular e da Natureza e Medio Ambiente en xeral.

Como órgano coordinador das distintas asociacións federadas:

- 1.- Fomentará e estreitará as relacións entre as distintas asociacións micolóxicas galegas ou de fora de Galicia .
- 2.- Prestará asesoramento e información a quen llo solicite
- 3.- Realizará actividades culturais, recreativas ou sociais en interés da totalidade ou maioría dos seus membros.
- 4.- Colaborará coas asociacións federadas na consecución de subvencións
- 5.- Instituirá, si fora posible, premios dirixidos as Asociacións Micolóxicas ou a persoas, que pola súa traxectoria a prol da Micoloxía ou da Natureza ,se fagan acreedores de tal mención.
- 6.- Participará, cando se lle solicite e sexa posible, en xuntanzas promovidas por Asociacións de calqueira índole, que teñan como fins os mesmos que se estipulan nestes Estatutos.
- 7.- Promoverá, nos termos establecidos na lexislación vixente, a extensión do uso do galego entre as asociacións federadas.
- 8.- Calqueira outra actividade que a Xunta Directiva considere axeitada para o cumprimento dos fins da Federación.

ARTIGO 4.- Para o cumprimento dos seus fins poderá realizar as seguintes actividades:

- 1.- Organización de cursos, seminarios, conferencias, saídas, exposicións e outros actos análogos.
- 2.- Organización de concursos : debuxo, fotografía, plástica, cocifia, etc
- 3.- Elaboración de materiais informativos : revistas, folletos e calquera outro tipo de publicación para a difusión das ideas da Federación.
- 4.- Calqueira outra actividade que a Xunta Directiva considere axeitada para o cumprimento dos fins da Federación.

É copia cotexada e conforme co orixinal de referencia.



ALBERTO CHAVEZ CHUPARRAS

DNI: 3797666E

FRANCO MUÑOZ SANCHEZ

DNI: 32244294

LOSELU TOME ORTEGA

DNI: 36008074

CARLOS ALVAREZ PUZA

DNI: 35383116

ALBERTO CANLE CAMPAN

986504075-630493497

ARTIGO 5.- O domicilio social da Federación radicaré na localidade de Vilagarcía de Arousa, rúa Rosalía de Castro 24-2º, C.P. 36600, apartado de correos nº 429, teléfonos: 986504075-630493497. A Xunta Directiva terá atribucións para cambiar de domicilio dando conta do seu acordo ó Organismo encargado do Rexistro de Asociacións.

ARTIGO 6.- O ámbito territorial no cal, a tenor dos seus fins, vai realizar fundamentalmente as súas actividades é a Comunidade Autónoma de Galicia.

CAPITULO II

DOS ASOCIADOS

FRANCISCO RIBEIRO SANJURJO

012322424

ARTIGO 7.- Poderán integrarse na Federación todas as asociacións micolóxicas galegas existentes ou as que no futuro se constituán, sempre que no momento de formalizar a súa solicitude reunan os seguintes requisitos:

- 1.- Que teñan interese polo desenvolvemento dos fins da Federación e se comprometan a cumprir os seus Estatutos.
- 2.- Que fagan solicitude escrita de integración acompañada da acta da asemblea xeral na que conste a súa vontade de integración, así como unha copia dos seus estatutos e da súa tarxeta fiscal.

ARTIGO 8.- Dentro da Federación poderán coexistir as seguintes clases de asociados:

- 1.- Numerarios, aquelas asociacións micolóxicas que figuren inscritas como tales no rexistro da federación.
- 2.- Honorarios, aquelas persoas ou entidades que, a xuízo da Asemblea Xeral ou da Xunta Directiva, se fagan acreedores a tal distinción por contribuír de xeito notable a dignificación ou desenvolvemento dos fins da Federación ou das distintas asociacións que a integran.
- 3.- Benefactores, aquelas persoas ou entidades que colaboren cos fins da Federación dun xeito altruista.

ARTIGO 9.- Os asociados numerarios teñen os seguintes dereitos, que serán exercidos polos seus representantes legais:


- 1.- Participar nas Asembleas con voz e voto.
- 2.- Tomar parte en cantas actividades organice a Federación no cumprimento dos seus fins.
- 3.- Gozar todas as vantaxes e beneficios que poida proporcionar a Federación.
- 4.- Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.
- 5.- Facerlle suxestións no seo da Xunta Directiva cara a mellorar o cumprimento dos fins da Federación.
- 6.- Recibir información sobre acordos adoptados polos órganos da Federación.
- 7.- Aqueloutros que sexan recollidos na legislación vixente.

ARTIGO 10.- Os asociados numerarios terán as seguintes obrigas

- 1.- Asistir ás Asembleas Xerais
- 2.- Satisfacer as cotas e derramas que se establezan.
- 3.- Desempeñar os cargos para os que foron elegidos.
- 4.- Prestar cantos servizos determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.
- 5.- Observar unha boa conduta individual e cívica.

CARLOS ALVAREZ YUGA

012322424



- 6.- Cumplir os acordos da Asamblea Xeral e o contido dos Estatutos.
7.- Aqueloutras que se recollan na lexislación vixente.

ARTIGO 11.- Os asociados Honorarios e Benefactores terán as mesmas obrigas que os numerarios agás a posibilidade de intervir nos órganos de representación e de dirección da Federación.

Asi mesmo terán idénticos dereitos coa excepción de poder elixir ou ser elixidos para os cargos directivos e poderán asistir ás Asembleas con voz pero sin voto.

ARTIGO 12.- Os acordos de admisión de asociados tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición por escrito.

ARTIGO 13.- A condición de asociado pérdese:

- 1.- Por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva e acompañada da acta da sesión da asemblea xeral da agrupación na que conste o seu desexo de causar baixa.
- 2.- Por falta de pago das cotas.
- 3.- Por realización de accións que perxudiquen gravemente os intereses da Federación.
- 4.- Por expediente disciplinario.

ARTIGO 14.- A expulsión de asociados será acordada pola Xunta Directiva, trala audiencia da asociación interesada. En todo caso o acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

ARTIGO 15.- A separación temporal dun asociado pódese producir:

- 1.- Por petición persoal do interesado, por escrito.
- 2.- Polo acordo da Xunta Directiva, ben
 - a.- por estarse tramitando un expediente sancionador
 - b.- por outras causas xustificadas que o aconsellen:
 - comportamentos que afecten a boa marcha dos fins da Federación.
 - retraso no pagamento das cotas.

CAPITULO III

DOS ÓRGANOS DA FEDERACIÓN

ARTIGO 16. - O goberno e representación da Federación estará a cargo dos seguintes órganos

- 1.- A Asemblea Xeral, máximo órgano de goberno
- 2.- A Xunta Directiva, órgano colexiado en que a Asamblea delega o goberno da Federación.
- 3.- Presidente/a, o Vicepresidente/a, o Secretario/a e o Tesoreiro/a, órganos unipersonais e con funcións de goberno e representación determinadas polos presentes Estatutos.

ARTIGO 17.- A Asemblea Xeral é o órgano de expresión da vontade da Federación e estará formada por todos os compoñentes das Xuntas Directivas das distintas asociacións federadas. O / A Presidente e o/a Secretario/a serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

ARTIGO 18.- A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario unha vez ao ano, e con carácter extraordinario tantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 20% das asociacións



federadas. Neste último caso realizarase por medio de acordo escrito dirixido á Presidencia, autorizado coas signaturas dos e das solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

ARTIGO 19.- A Asemblea Xeral Ordinaria reunirase necesariamente dentro dos cinco meses seguintes o peche do exercicio.

Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación pola Presidencia da Federación, e deberá ser notificada por escrito no domicilio dos asociados. Na convocatoria han de aparecer o lugar, data e hora da Asemblea, así como a orde do día con expresión concreta dos temas para tratar e os anexos que procedan. Tamén haberá de sinalarse a hora da segunda convocatoria, sen que entre a primeira e a segunda convocatoria poida mediar un prazo inferior a media hora.

ARTIGO 20.- Para que as Asembleas poidan tomar acordos, estarán integradas polas asociacións asistentes sempre que concurran a ela (presentes ou representadas) a metade máis unha do total das federadas na primeira convocatoria ou con calquera número de asociacións asistentes na segunda convocatoria.

ARTIGO 21.- Os acordos tomaranse por maioría simple das asociacións presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen ós negativos, agás no caso de modificación de Estatutos ou disolución da Federación, que deberá de ser dos 2/3 das presentes ou representadas.

ARTIGO 22.- Son competencias da Asemblea Xeral Ordinaria :


- 1.- Aprobar a acta da sesión anterior.
- 2.- Aprobar o plan de actividades proposto pola Xunta Directiva.
- 3.- Examinar e aprobar a memoria de actividades.
- 4.- Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior
- 5.- Aprobar o orzamento aprobado pola Xunta Directiva
- 6.- Aprobar o Regulamento de Réxime Interno da Federación
- 7.- Fixar as cotas ordinarias e extraordinarias.
- 8.- As demais que resulten dos Estatutos e que non estean expresamente conferidas á Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva.

ARTIGO 23.- Son competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- 1.- Modificar os Estatutos da Federación
- 2.- Disolver a Federación e nomear ós liquidadores.
- 3.- Aprobar a confederación con outras federacións.
- 4.- Ratificar a expulsión de asociados a proposta da Xunta Directiva.
- 5.- Solicitar a declaración de utilidade pública.
- 6.- Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca dos bens sociais.
- 7.- Elexir os representantes da Xunta Directiva.
- 8.- As que sendo competencia da Asemblea Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen prexuízo para a Federación.

ARTIGO 24.- Os acordos adoptados conforme cos preceptos anteriores obligan a todas as asociacións federadas, mesmo as non asistentes.

As sesións comenarán coa lectura por parte do Secretario/a da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada. A continuación comunicará a orde do día. Cada punto será informado polo



membro da Xunta Directiva que corresponda, procedéndose a súa aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.

Unha vez rematados todos os asuntos da orde do día abrírase, se así o considera oportuno o/a Presidente/a ou o solicitan un 10% dos asociados inscritos no libro de membros, a quenda de preguntas e suxestións. Concluído este punto, o/a Presidente/a dará por rematada a sesión.

ARTIGO 25.- Poderase recorrer contra os acordos que vaian contra destes Estatutos ou infrinxan os fins da Federación en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución deste recurso quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

ARTIGO 26.- A Federaciónn estará xestionada e representada por unha Xunta Directiva composta por: Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e, de ser o caso, vocais. Todas as persoas que compoñen a Xunta Directiva deberán ser socios das asociacións federadas, maiores de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán non remunerados, sen perxuro de ter dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas.

Os cargos deberán ser designados e revocados pola Asemblea Xeral Extraordinaria. O seu mandato terá unha duración de dous anos e poderán ser reeleixidos.

Os Presidentes das asociacións federadas serán vocais natos. Cando as asociacións elixan novo Presidente deberán comunicalo por escrito, mentras non se reciba dita comunicación, continuará a validez representativa daquel que estivera exercendo a vocalía.

ARTIGO 27.- Os cargos directivos cesarán na súa función polas seguintes causas:

- 1.- Por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva
- 2.- Por expiración do mandato.
- 3.- Por incumprimento das obrigas que tiña encomendadas.

Nos casos a) e b) continuarán nos seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación de quen os substitúa.

ARTIGO 28.- A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o /a Presidente/a a iniciativa propia ou por petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo/a Presidente/a e na súa ausencia polo/a Vicepresidente/a, ou polo/a Secretario/a por esta orde.

A convocatoria realizarase como mínimo con sete días de antelación mediante citación persoal na que se recollerá a orde do día.

Realizada a convocatoria, a Xunta quedará constituída pola asistencia da metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. No caso de empate, o voto do/a Presidente/a será de calidade.

O/A Secretario/a ou no seu defecto o/a Vicepresidente levantará acta das sesións, que se transcribirá no libro de actas.

ARTIGO 29.- As facultades da Xunta directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da Federación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral. En particular son facultades da Xunta Directiva:

- 1.- Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Federación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- 2.- Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- 3.- Convocar as Asembleas Xerais.

É copia cotexada e conformada
de referencia.

Vigo,

07/03/2012
O Funcionario Admón.



- 4.- Formular e someter a aprobación da Asemblea Xeral o programa de actuación, así como a memoria de xestión correspondente.
- 5.- Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento do exercicio, así como os balances e as contas de exercicio pechado.
- 6.- Resolver sobre a admisión de novos asociados.
- 7.- Crear comisións de traballo co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos e actividades ou recadar delas informacións necesarias. Ao cargo destas comisións designarase un membro da Xunta Directiva.
- 8.- Nomear delegados para determinadas actividades da Federación.
- 9.- Interpretar os Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno e velar polo seu cumprimento.
- 10.- Calquera outra facultade que non sexa de exclusiva competencia da Asemblea Xeral.

ARTIGO 30.- A Presidencia da Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- 1.- Presidir e dar por rematadas as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e doutra e decidir con voto de calidade no caso de empate.
- 2.- Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- 3.- Representar a Federación perante calquera organismo público ou privado.
- 4.- Ordear pagamentos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas, certificacións e correspondencia.
- 5.- Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Federación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen perxuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

ARTIGO 31.- O/A Presidente/a será asistido nas súas funcións por un/unha Vicepresidente/a, que, ademais, substituirano/a nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

ARTIGO 32.- O/A Secretario/a recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e libro de rexistro de asociados/as, especificando os cargos que estén a desempeñar tanto na Federación como nas asociacións federadas, e terá o seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle, así mesmo, notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificacións das mesmas co visto e prace do Presidente/a. Deberá tamén levar o inventario dos bens da Federación nun libro establecido ó efecto.

ARTIGO 33.- O/A Tesoureiro/a exerce a dirección dos traballos de xestión económica da Federación, a custodia e levanza dos libros de contabilidade, así como todos os documentos económicos necesarios para a elaboración de contas e balances.

Deberá preparar os orzamentos, e presentar as contas anuais e os balances perante a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, así como dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o/a Presidente/a.

ARTIGO 34.- Os/as vocais terán as seguintes atribucións:

- 1.- Realizar programas e propostas nas súas áreas de actuación.
- 2.- Desempeñar os traballos que lles sexan encomendados pola Xunta Directiva.

CAPITULO IV

RÉXIME ECONÓMICO

É copia cotexada e conforme co orixinal de referencia.

Vigo, 07/03/2012

O Funcionario Admón.



ARTIGO 36.- No momento actual a Federación carece de patrimonio.

ARTIGO 38.- Anualmente e con referencia ao derradeiro día do exercicio económico de cada ano, practicarase o inventario e o balance de situación, que se formalizará nunha memoria que será posta a disposición dos asociados/as durante un prazo non inferior a 15 días do sinalado para a Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

- 1.- As cotas periódicas dos/as asociados/as
- 2.- As cotas extraordinarias que propoña a Xunta directiva e que sexan aprobadas pola Asemblea Xeral
- 3.- As doazóns ou subvencións que poidan conceder os organismos públicos, entidades privadas ou particulares
- 4.- Calqueira outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

CAPITULO V

CAPITULO VI

ARTIGO 42.- Os presentes Estatutos poderán ser modificados por proposta da Xunta Directiva ou de 1/4 dos asociados/as.

A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abrindose un prazo de 10 días para que calquera asociado/a poida dirixirle á Secretaría as propostas ou enmendas que considere oportunas. Estas

complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días a súa realización.

ARTIGO 43.- Para ser aprobada a reforma definitiva dos Estatutos será necesario o voto favorable de 2/3 dos membros da Asemblea Xeral de asociados.

ARTIGO 44.- A Asociación disolverase polas seguintes causas:

- 1.- Pola vontade das 2/3 partes dos asociados/as.
- 2.- Por outras causas determinadas legalmente.
- 3.- Por sentenza xudicial.

ARTIGO 45.- Acordada a disolución a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a Presidente/a e o/a Tesoureiro/a, procederá a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante. O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doaráselle a outra entidade de carácter non lucrativo, inscrita no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma e que teña os mesmos ou similares fins.

O justificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Federación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicárase a vixente Lei 1/ 2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e as disposicións complementarias.

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL


ADAPTACIÓN DE ESTATUTOS

Quedan VISADOS e incorporados ó
Rexistro Central desta Comunidade Autónoma,
n.º de Rexistro Asociación 2004/000722-2 (J.C.)

Santiago de Compostela 29 de Outubro de 2004.
O DIRECTOR XERAL DE INTERIOR E PROTECCIÓN CIVIL

Asdo.: José Benito Suárez Costa

É copia cotexada e conforme co orixinal
de referencia.
Vigo, 07/03/2012
O Funcionario Admón.



FRANCISCO RUIZ DE SUAREZ ALBERTO CAMPELO CAMPUFANE
DNI 35976666

JOSÉ LUIS XUNTA DE GALICIA
DNI 36080704

LUIS MURTEZ RUGA
DNI 35383116